

## XUNTA DE CENTRO ORDINARIA

Por orde do Sr. Presidente prégaselle que, como membro da Xunta de Centro, teña a ben asistir á reunión abaixo consignada, co fin de tratar os asuntos sinalados na orde do día.

LUGAR: **Sala 10** da Escola Superior de Enxeñaría Informática (Campus Remoto da Universidade de Vigo), accesible no enderezo electrónico seguinte:

<https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/106611243>

A Secretaria do centro, a medida que os membros se conecten, poderá pedir que se active a cámara ou se fale polo micrófono para identificalos e validar a súa asistencia.

DÍA E HORA: **venres, 26 de febreiro de 2021**, ás **12:00** horas en primeira convocatoria, e ás **12:30** horas en segunda convocatoria. Prégase a conexión na primeira convocatoria, para poder proceder axeitadamente coa identificación dos presentes.

### **ORDE DO DÍA**<sup>1</sup>

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (29/07/2020, 17/09/2020, 30/11/2020 e 22/12/2020).
2. Informe do Director.
3. Aprobación, se procede, do límite de prazas da Titulación de Grao en Enxeñaría Informática para o curso 2021/2022.
4. Aprobación, se procede, do límite de prazas do curso ponte para o curso 2021/2022.
5. Aprobación, se procede, da proposta de encargo docente (PDA) da titulación de Grao en Enxeñaría Informática e da adscrición de materias de formación básica a Departamentos para o curso 2021/2022.
6. Aprobación, se procede, da proposta de encargo docente (PDA) da titulación de Máster en Enxeñaría Informática para o curso 2021/2022.
7. Aprobación, se procede, dos criterios de reparto dos recoñecementos docentes do centro para o curso 2021/2022.
8. Nomeamento, se procede, de coordinadores/as de titulación, de cursos de Grao, de TFG, de prácticas en empresas, de programas de mobilidade e do PAT e PIUNE para o curso 2021/2022.
9. Aprobación, se procede, da distribución da bolsa de recoñecementos docentes do centro entre o PDI para o curso 2021/2022.

<sup>1</sup> A documentación dos puntos da orde do día será enviada en canto sexa posible.

## 10. Elección de representantes en comisións <sup>2</sup>:

- Avaliación por Compensación (3 vogais e 3 suplentes PDI coa maior representatividade dos diferentes ámbitos, 1 vogal e 1 suplente estudante),
- Permanente (4 PDI ámbito informático, 2 PDI ámbito tecnolóxico, 1 PDI ámbito científico, 1 PDI ámbito xurídico-social, 1 PAS, 6 estudantes),
- Calidade (5 PDI ámbito informático, 1 PDI ámbito tecnolóxico, 1 PDI ámbito científico, 1 PDI ámbito xurídico-social, 1 PAS, 6 estudantes),
- Adaptacións e Recoñecemento de Créditos (4 PDI ámbito informático, 2 PDI ámbito tecnolóxico, 1 PDI ámbito científico, 1 PDI ámbito xurídico-social, 1 PAS, 4 estudantes),
- Mesa da Xunta de Centro (1 PDI con vinculación permanente, 1 PDI sen vinculación permanente, 1 PAS, 1 estudante).

11. Aprobación, se procede, da modificación do Calendario Académico das titulacións da ESEI para o curso 2020/2021.

12. Aprobación, se procede, da modificación do calendario de probas do segundo cuadrimestre para as titulacións da ESEI para o curso 2020/2021.

13. Aprobación, se procede, dos procedementos DO-0203 (índice 05) Información pública e rendemento de contas e MC-05 (índice 05) Medición da satisfacción dos grupos de interese.

14. Aprobación, se procede, da modificación das titulacións.

15. Asuntos de trámite.

16. Queixas e suxestións.

17. Rolda de intervencións, rogos e preguntas.

Ourense, 23 de febreiro de 2021

A secretaria da ESEI

Asdo. M<sup>a</sup> Encarnación González Rufino

<sup>2</sup> As candidaturas (asinadas ou con sinatura escaneada) deberanse enviar por mail ao correo electrónico [sdireccion.esei@uvigo.es](mailto:sdireccion.esei@uvigo.es) ata o xoves, día 25 de febreiro, ás 14:00 h.